

## PAUTAS XERAIS PARA A EDUCACIÓN INFANTIL

Dadas as circunstancias e atendendo ao protocolo COVID-19 achegamos estas aclaracións de cara ao inicio de curso:

- **MANDILÓN:** Este curso é voluntario. Aquel alumnado que faga uso del, deberá traelo limpo (xa posto da casa) e levarao posto cada día para lavar.

- **MÁSCARAS:** O seu uso é **recomendable** nesta etapa. Se é ben tolerada polo neno ou nena, pregamos a utilicen. Na mochila, traerán outra máscara de **reposto** gardada nun **estoxo** de papel ou tela. Outro estoxo ou bolsiña a maiores será necesario para depositar a primeira máscara no momento que deixe de utilizarse.

- **CONTROL DE ESFÍNTERES:** No caso de que algún neno ou nena precise mudar a roupa, os pais-nais-titores legais ou persoas autorizadas deberán vir cambialos. As mudas de roupa deberán traerse no momento da urxencia (nunca na mochila do alumnado).

- **MOCHILAS:** Prégase, este ano especialmente, utilizar mochilas de tamaño reducido e sen rodas, debido ao uso limitado dos espazos e a importancia do distanciamento físico. O seu uso será exclusivamente para gardar a auga, a merenda e a máscara. Non se poderá traer ningún outro obxecto da casa.

- **CUMPREANOS:** Atendendo ás circunstancias especiais deste curso, non poderemos celebrar estas conmemoracións.

- **CALENDARIO DE MERENDAS** recomendable:

- LUNS: libre
- MARTES: froita
- MÉRCORES: cereais, biscoito, galletas...
- XOVES: bocadillo
- VENRES: lácteos

\*Pregamos ás familias que reduzan na medida do posible as merendas non saudables (evitar bollería industrial) e aqueles alimentos que poidan provocar atragantamentos.

\*As merendas deben propiciar a autonomía do alumnado para evitar a manipulación, na medida do posible, por parte dos adultos.

\*Este curso non celebraremos a Semana da Froita.

- ENTRADAS E SAÍDAS: Realizaranse segundo o protocolo publicado na web do centro, sendo as aulas B as primeiras do seu turno en entrar e as últimas en saír.

Debido ao escalonamento das rutinas de entrada e saída das diferentes aulas do centros, a PUNTUALIDADE será imprescindible.

- ACTUALIZACIÓN DE DATOS: Lembrade cubrir a folla para a actualización de datos que será publicada na web do centro.

Así mesmo, calquera cambio nos mesmos que se produza ao longo do curso deberá ser comunicado á titora ou á secretaría do centro, no menor prazo posible.

\*PREGAMOS TEÑADES OS TELÉFONOS OPERATIVOS AO LONGO DA XORNADA ESCOLAR para contactar convosco se fose preciso.

- COMUNICACIÓN FAMILIA-ESCOLA: Utilizaranse os medios sinalados no protocolo (preferentemente correo electrónico, ABALAR MÓBIL).

Feitas estas aclaracións básicas específicas da etapa infantil, remitímosvos agora ao [protocolo xeral](#) do centro que tedes dispoñible na páxina web, o cal debe ser coñecido por todos e todas nós.

Agradecemos a vosa colaboración nestes tempos tan incertos.

Saúdos e saúde,

as titoras de Infantil.